

Acción de transferencia tecnolóxica nº 12/069

Avaliación agronómica de variedades comerciais de especies pratenses

Antecedentes e xustificación

Desde 1978 ata 2010 avaliáronse en Galicia 200 variedades de raigrás italiano, 182 de raigrás inglés, 34 de raigrás híbrido, 78 de dactilo, 51 de festuca alta, 54 de trevo violeta, 45 de trevo branco e 47 de alfalfa, co obxectivo de coñecer o seu valor agronómico para a sementeira de pradeiras. A información dispoñible consérvase na base de datos que sobre valor agronómico de especies pratenses custodia o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), o que permite facer unha síntese anual dos datos de todas as variedades avaliadas que están nas Listas Españolas de Variedades Comerciais e no Catálogo Común de Especies Agrícolas da Unión Europea, que se pon a disposición do sector agrario a través da páxina-rede do CIAM. A síntese obtense por aplicación do método de mínimos cadrados á información dispoñible desde 1978, de modo que cada variedade pódese comparar con todas e cada unha das restantes avaliadas, dentro de cada especie, independentemente do ano en que se sementasen. A avaliación realízase en tres localidades: Mabegondo (A Coruña) a 100 m de altitude, A Pobra do Brollón (Lugo) a 400 m e O Marco da Curra (A Coruña) a 650 m.

Dado que a actividade de mellora xenética das Casas de Sementes Pratenses é moi activa neste momento, están aparecendo cada ano novas variedades nas Listas Oficiais de España e da Unión europea, o que permite a súa venta no mercado español sen que se teñan datos previos sobre o seu comportamento en Galicia, no caso de que só estean nas Listas da UE. A consecuencia é que, a pesar de que o programa de avaliación en Galicia segue vixente, aínda que menos activo ca no pasado, nas listas de variedades ofertadas en España en 2010 había un total de 59 variedades sen valor agronómico coñecido, distribuídas por especies do modo seguinte: 15 de raigrás italiano, 17 de raigrás inglés, 10 de raigrás híbrido, 5 de dactilo, 4 de festuca alta, 4 de trevo violeta e 4 de trevo branco.

Para evitar que este número seguise aumentando, o programa de avaliación de variedades de raigrás italiano, raigrás inglés, dactilo, festuca alta, trevo violeta, trevo branco e alfalfa, iniciado en 1978, debe:

1. Continuar os traballos experimentais correspondentes ao terceiro ano da avaliación das seguintes novas variedades de dactilo, festuca alta, trevo violeta, trevo branco e alfalfa, establecidas en outono de 2009: en Mabegondo, a 120 m de altitude, A Pobra do Brollón, a 400 m e marco da Curra, a 650 m.

Dactilo

Amba, Ambassador, Bardumas, Bariton, Barmoral, Beluga, Cristobal, Erevá, Foly, Kowlong, Ludac, Lyra, Lumont, Micol, Niva e Terrano.

Localidades /data de sementeira:

Mabegondo/5-10-2009, A Pobra do Brollón/ 22-09-2009, Marco da Curra/22-09-2009

Festuca alta

Baradiso, Bariance, Barolex, Belfine, Dauphine, Demeter, El dorado, Fawn, Florine, Fuego, Prosper e Tima.

Localidades/data de sementeira:

Mabegondo/30-09-2009, A Pobra do Brollón/22-09-2009, Marco da Curra/22-09-2009

Alfalfa

Alcor, Altiva, Aragon, Asmara, Capitana, Europe, Gea, Giulia, Hunter Field, Hunter River, Nogara, Planet, PQ-57Q53, Salsa, San Isidro, Tango, Userda, Verdor e Victoria.

Localidades/data de sementeira:

Mabegondo/16-10-2009, A Pobra do Brollón/22-09-2009

Trevo violeta

Barfiola, Corvus, Dipper, Discovery, Divin, Karim, Lemon, Lucrum, Nemaro, Nike, Perseo, Pirat, Quinequeli, Salino e Start.

Localidades/data de sementeira:

Mabegondo/01-10-2009, A Pobra do Brollón/22-09-2009, Marco da Curra/22-09-2009

Trevo branco

Apis, Avalon, Barblanca, California, Crusader, Huia, Klondike, Regal, Rivendel, Roni, Tasman e Winter White.

Localidades/data de sementeira:

Mabegondo/30-09-2009, A Pobra do Brollón/22-09-2009, Marco da Curra/22-09-2009

2. Continuar os traballos experimentais correspondentes ao primeiro ano da avaliación das seguintes novas variedades de raigrás italiano alternativo e non alternativo, raigrás inglés e raigrás híbrido, sementados o 27,28,29/09/2011 en Mabegondo, A Pobra do Brollón e Marco da Curra:

Raigrás italiano alternativo

Campivert, Promenade, Sprint, Surrey Nova, Torero, Vallivert, Trinova, Braulio, Bardelta, Barspectra II, Barsutra, Cipollini.

Raigrás italiano no alternativo

Barelli, Barmultra II, Dorike, Inducer, Ligrande, Locobelo, Master, Mondota, Vertibelo, Ralino, Bartrento, Barultima, Barmega.

Raigrás híbrido

Banquet II, Bastille, Citeliac, Gosia, Ibex, Rubrido, Rusa, Aliance, Amalgan, Belleek, Dorella, Keurdor, Sabella.

Raigrás inglés

Akurat, Alcander, Arvicola, Baremon, Ciami, Foresto, Matilde, Mezo, One 50, Prana, Probat, Barata, Barforma, Barflip, Barmaxima, Barnauta, Barpasto, Clanrye, Drumbo, Dunluce, Roseta, Charlene.

Obxectivos

Obxectivo 1. Continuar cos traballos experimentais correspondentes ao terceiro ano da avaliación das novas variedades de dactilo, festuca alta, alfalfa, trevo violeta e trevo branco establecidas en outono de 2009.

Obxectivo 2. Continuar cos traballos experimentais correspondentes ao primeiro ano da avaliación das novas variedades de raigrás italiano alternativo e non alternativo, raigrás híbrido e raigrás inglés establecidas en outono de 2011.